



RESOLUCIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN CELEIRO, POLA QUE SE CONVOCA O PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN, MODALIDADE DE MARISQUEO A PÉ, PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA NA CONFRARÍA DE PESCADORES DE ESPASANTE

• ANTECEDENTES.

1. A Orde de 21 de decembro de 2023 aprobou o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2024-2026 e de conformidade cos expedientes de aprobación do plan de xestión de moluscos bivalvos e gasterópodos a pé en autorización administrativa (PE403A 2023/12-2) e do plan de xestión de moluscos bivalvos e gasterópodos a pé en zonas de libre marisqueo (PE403A 2023/13-2) da confraría de pescadores de Espasante, establece que para o anos 2024, 2025 e 2026 o número máximo de permisos que poderían participar nestes plans de xestión é de catorce (14).

2. O número de permisos de explotación para o marisqueo a pé vixentes nesa entidade é de e (7), polo que se poden cubrir varias prazas ata acadar o número máximo de catorce (14) permisos establecidos no plan.

3. O 14 de xaneiro de 2026 a Confraría de pescadores de Espasante presentou unha solicitude para que se inicie o proceso selectivo para a cobertura de catro (4) prazas do permiso de explotación para o marisqueo a pé.

• CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS.

1. A Orde do 15 de xullo de 2011, pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé, regula no artigo 6 e seguintes o procedemento para a obtención do permiso de explotación.

2. Todas as solicitudes que cumpran os requisitos sinalados nesta resolución serán valoradas de acordo co baremo aprobado pola Resolución do 12 de novembro de 2013, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro e que figura como anexo B desta resolución.

3. Este departamento territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación de conformidade co establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade



pesqueira e marisqueira, modificado polo Decreto 114/2007, de 31 de maio, polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo e o Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar.

De acordo con todo o anterior, RESOLVO:

Convocar o proceso selectivo para a obtención de catro (4) permisos de explotación, modalidade de marisqueo a pé, para o exercicio da actividade extractiva de recursos marisqueiros xerais, no ámbito territorial da Confraría de pescadores de Espasante, con suxeición ás bases da convocatoria recollidas no anexo A.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A directora territorial

PS.: A xefa do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro

(Resolución do 13/05/2024 da Consellería do Mar)

María Nazaret Díaz Rifón





ANEXO A

Bases da convocatoria

1. Normas xerais.

1.1. O obxecto do proceso selectivo será o outorgamento de catro (4) permisos de explotación, modalidade marisqueo a pé, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito dos plans de xestión de moluscos bivalvos e gasterópodos a pé da Confraría de Espasante.

1.2. Requisitos das persoas candidatas.

Para seren admitidas ao proceso selectivo as persoas aspirantes, de ambas dúas quendas, deberán, consonte ao artigo 17º do Decreto 425/1993, do 17 de decembro, cumprir no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da expedición do permiso de explotación os seguintes requisitos:

a) Estar empadroada nun concello do litoral de Galicia.

b) Ser maior de 18 anos ou menor emancipada e non superar a idade exixida para ter dereito á pensión de xubilación, na súa modalidade contributiva, conforme o previsto na normativa en materia de Seguridade Social.

c) Non ser perceptora de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares ou perceptora da renda de integración social de Galicia. As perceptoras da renda de integración social en Galicia poderán acceder ao proceso de selección, debendo renunciar a ela no momento do outorgamento do permiso de explotación.

d) Non estar incapacitada para exercer os labores de marisqueo.

2. Solicitudes, documentación, prazo e lugar de presentación.

A Lei 4/2019 do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG núm. 141, do 26 de xullo de 2019) no seu artigo 10º 1.a) establece que os traballadores autónomos e as traballadoras autónomas, para os trámites e as actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional, no ámbito do sector público autonómico, estarán obrigados a relacionarse a través dos medios electrónicos para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, ademais do indicado no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Deste xeito, as persoas interesadas dirixirán a súa solicitude e a documentación acreditativa ao Departamento territorial de Celeiro, empregando o formulario normalizado que está dispoñible na Sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>, mediante o procedemento PE401B.



O prazo para a presentación das solicitudes será de quince (15) días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no taboleiro de anuncios deste departamento territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>.

Esta convocatoria tamén estará exposta, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores de Espasante.

A falsidade dos datos esenciais para a selección das persoas aspirantes dará lugar á súa exclusión automática do proceso selectivo.

2.1. Documentación

A solicitude deberá vir acompañada da seguinte documentación:

- a)** Xustificante de ter aboado as taxas correspondentes. A presentación do xustificante do ingreso das taxas sen o selo da entidade bancaria con indicación da data determinará a exclusión da persoa aspirante. En ningún caso a presentación deste xustificante suporá substitución da presentación en tempo e forma da solicitude. Non será necesario presentar este documento se o pago da taxa se realizou de forma telemática.
- b)** Copia compulsada do documento nacional de identidade. Esta copia só se presentará no caso de non acreditar consentimento expreso para comprobar os datos de identidade mediante consulta ao sistema de verificación de datos de identidade, de acordo co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización dos medios electrónicos, e a Orde do 7 de xullo de 2009, pola que se desenvolve o antedito decreto.
- c)** Documentación que acredita cada un dos aspectos que se van a valorar segundo o baremo aprobado pola Resolución do 12 de novembro de 2013, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se aproba o baremo para obter o permiso de explotación a pé:

c.1) Demandante de emprego:

- Informe actualizado dos períodos de inscrición do servizo público de Emprego acreditando o tempo que estivo inscrito como demandante de emprego, expedido pola oficina de emprego xunto co Informe actualizado da vida laboral, expedido polo Instituto Social de la Marina ou pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (á data de resolución da convocatoria ou posterior).

Non será necesario presentar a documentación de este apartado, en caso de autorización á Consellería do Mar para a consulta destes datos.

No suposto de imposibilidade material de obter o documento, a xefatura territorial poderá requirirlle á persoa solicitante a súa presentación.

Departamento territorial de Celeiro - Lugo
Rúa Gerardo Harguindey Banet, 2 - 27863 Celeiro – Viveiro (Lugo)
Tfno: 982 55 50 15 – recursosmarinos.cmm.lugo@xunta.gal





c.2) Formación:

- Copia dos diplomas, acreditacións ou certificados de asistencia a cursos, seminarios e xornadas ou asimiladas inscritas no catálogo de actividades formativas recoñecidas para o baremo do marisqueo a pé (dispoñible na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>) na data da convocatoria. Unicamente se valorarán as actividades formativas que estean finalizadas na data de publicación da convocatoria.
- Titulación académica: Documentación que acredite a titulación académica.

c.3) Empadramento nun concello do ámbito territorial da confraría de pescadores de Espasante, durante un período mínimo de 1 ano anterior á data da convocatoria.

Certificación actual de empadramento no que conste a antigüidade. Este documento só se presentará no caso de non acreditar consentimento expreso para comprobar os datos de residencia mediante consulta ao sistema de verificación de datos de residencia, de acordo co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde do 7 de xullo de 2009.

d) Declaración responsable de que cumpre os requisitos esixidos no artigo 17 c), e), f) e g) do Decreto 425/1993, do 17 de decembro (incluída no modelo de solicitude). As persoas perceptoras da renda de integración social poderán acceder ao proceso de selección, e deberán renunciar a ela no momento do outorgamento do permiso de explotación.

3. Emenda da solicitude.

O Departamento territorial de Celeiro, como órgano responsable da tramitación e resolución das solicitudes, comprobará que estas reúnen os requisitos establecidos. De non ser así, requiriráselle á persoa interesada, para que nun prazo de (10) días hábiles a emende, con indicación de que se así non o fixese se lle terá por desistida da súa petición logo de resolución expresa.

A notificación do requirimento, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrência competitiva e de conformidade co establecido nos artigos 42, 43 e 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, poderá realizarse mediante publicación no taboleiro de anuncios desta xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da Confraría de pescadores de Espasante.

2. Proceso selectivo.

As solicitudes, que cumpran os requisitos establecidos, serán admitidas ao proceso selectivo e serán valoradas consonte ao baremo aprobado pola Resolución do 12 de novembro de 2013, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (anexo B).





Unha vez baremadas as solicitudes, o departamento territorial publicará unha relación provisional de persoas admitidas indicando a puntuación acadada por cada unha delas. Nesta relación recolleranse as persoas excluídas do proceso e as causas de dita exclusión.

Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios deste departamento territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da Confraría de pescadores de Espasante.

Contra esta relación provisional, as persoas interesadas poderán presentar, perante o departamento territorial, cantas alegacións estimen oportunas durante un prazo de (15) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación desta relación provisional.

O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o proceso selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación no procedemento.

3. Listaxe de persoas seleccionadas, presentación de documentación e concesión de permiso de explotación

3.1. Listaxe de persoas seleccionadas.

A cualificación do proceso selectivo virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos distintos conceptos baremables.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, este resolverase consonte ao baremo aprobado pola Resolución do 12 de novembro de 2013, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de alegacións e unha vez analizadas estas, o departamento territorial ditará unha resolución, coa relación definitiva das persoas que superaron o proceso selectivo, por orde de puntuacións acadadas, con indicación do seu documento nacional de identidade, así como aquelas que non o superaron.

A lista de persoas non seleccionadas constituirá unha lista de reserva que terá unha vixencia dun (1) ano contado desde o día seguinte ao da data da resolución do departamento territorial.

A resolución coa relación definitiva publicarase no taboleiro de anuncios deste departamento territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da Confraría de pescadores de Espasante.

3.2. Presentación da documentación.

A partir do día seguinte ao da publicación da relación definitiva, as persoas que superaron o proceso selectivo disporán dun prazo de (15) días hábiles para a presentación dos seguintes documentos:

Departamento territorial de Celeiro - Lugo
Rúa Gerardo Harguindey Banet, 2 - 27863 Celeiro – Viveiro (Lugo)
Tfno: 982 55 50 15 – recursosmarinos.cmm.lugo@xunta.gal



a) Certificado de estar empadroadada nun municipio do litoral de Galicia. Esta documentación non será necesaria que se presente no caso de consentimento expreso da persoa para comprobar os datos de residencia mediante consulta ao sistema de verificación de datos de acordo co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde do 7 de xullo de 2009.

b) Certificado da Seguridade Social de non ser perceptora de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares ou perceptor da renda de integración social de Galicia. As persoas perceptoras da renda de integración social deberán renunciar a ela.

Non será necesario en caso de autorización á Consellería do Mar para a consulta destes datos.

c) Documentación acreditativa de non estar incapacitada para exercer os labores de marisqueo.

d) Dúas fotografías de tamaño carné actuais e iguais, co seu nome escrito por detrás.

As persoas que dentro do prazo fixado non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 1.2, entenderase que desisten da súa solicitude.

Neste suposto, emitirase unha nova resolución consonte aos prazos e forma recollidos nos parágrafos anteriores, declarando seleccionada/s a/a persoa/s que figuren na lista de reserva.

3.3. Outorgamento do permiso de explotación.

De acordo co disposto no Decreto 425/1993, do 17 de decembro e a Orde do 15 de xullo de 2011, as persoas seleccionadas que presentaron a documentación dentro do prazo establecido deberán cumprir cos seguintes requisitos para a obtención do permiso de explotación:

- a) Estar en posesión do certificado de mariscador.
- b) Non ter sancións firmes en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento.

O departamento territorial ditará resolución concedendo ou denegando o permiso de explotación para o marisqueo a pé, conforme ao establecido no artigo 6 do Decreto 425/1993, do 17 de decembro de 1993 e no artigo 7 da Orde do 15 de xullo de 2011.

